



VII ENCONTRO DO ALUMNADO DE MÚSICA DE SECUNDARIA E BACHARELATO DE GALICIA

26 DE ABRIL, ÁS 10:00 HORAS. AUDITORIO MAR DE VIGO

Presentamos outra nova edición deste Encontro coa finalidade de dar a coñecer en concerto o traballo que o alumnado de Música de ESO e Bacharelato de Galicia realiza nas aulas, de ofrecerlle mediante obradoiros especializados a oportunidade de explorar outras habilidades musicais, así como de fomentar a boa convivencia entre o alumnado e o profesorado de música dos centros galegos.

BASES

1. Este Encontro está dirixido a todo o alumnado de Música de Secundaria de Galicia. Cada centro poderá presentar o número de alumnos de ESO e Bacharelato que estime oportuno ata un **tope de 50**. Interpretaranse **un ou dous temas como máximo por centro**, que poderán ser obras vocais e/ou instrumentais das que se realizan en clase.
2. O profesorado poderá inscribir ó seu centro cubrindo [este formulario](#) e será contactado pola Organización. Os centros serán admitidos por estrita orde de inscrición ata un límite de 16 centros. No caso de que haxa máis solicitudes de participación que prazas, priorizaranse os centros presentados por docentes que sexan socios de **ASOMÚSICA**.
3. Os obradoiros celebraranse en varias quendas e paralelamente ó concerto; os contidos versarán sobre música, baile e outros aspectos relacionados coa práctica musical. Os centros deberán inscribir necesariamente ó seu alumnado nun deles como mínimo. Cada obradoiro terá un custe de 1'5 €.
4. **O prazo de inscrición rematará o 11 de marzo**. Antes do peche do 2º trimestre enviarase ós centros inscritos un correo coa lista de admitidos, xunto co programa detallado e as instrucións para participar nos obradoiros.
5. O Encontro deste ano non terá un tema prefixado.
6. En canto á interpretación do alumnado, buscarase que os grupos reflexen a heteroxeneidade habitual das nosas aulas. Así, os alumnos que reciban formación de instrumentos clásicos, de rock etc. fóra do instituto, deberán integrarse cos demais compañeiros da súa clase ou grupo neste Encontro. Se houber algunha proposta por parte dalgún centro para a interpretación dunha peza exclusivamente tocada por alumnado deste tipo, ou outro especializado en danza ou calquera outra disciplina, deberá ser comunicado previamente á organización do ENCONTRO.

Como complemento das actuacións dos grupos, contéplase a utilización de vídeos tanto de creación escolar como de uso libre que se proxecten durante as mesmas, e que teñan relación coa proposta musical. Calesquera outros recursos de escea ou interpretativos, comuníquense tamén previamente á Organización.
7. A Organización proporcionará o instrumentario básico, atriles e amplificación; non obstante, cada centro fará constar na súa solicitude de inscrición unha relación completa do material que precisará. Os instrumentos e outro material que se traian a maiores deberán vir claramente identificados.
8. O xantar terá lugar nun emprazamento previamente escollido e preparado pola Organización. Os participantes deberán traer a súa propia comida. A clausura do Encontro será ó remata-lo xantar.
9. Para contactar coa Organización, escribir unha mensaxe a encontro.asomusica@gmail.com.